

SELECCIÓN, MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN, PARA A FORMACIÓN DUNHA LISTAXE DE PERSOAS CANDIDATAS PARA A PROVISIÓN INTERINA OU TEMPORAL DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO (2022/E001/000019)

Reunido o Tribunal do proceso selectivo para a selección, mediante o sistema de concurso-oposición, para a formación dunha listaxe de persoas candidatas para a provisión interina ou temporal de auxiliar administrativo, en data 26/01/2023, para resolución das reclamacións presentadas contra da corrección do primeiro exercicio da fase de oposición, realizado o día 17/01/2023.

Dentro do prazo conferido ao efecto, teñen presentado reclamacións os seguintes aspirantes:

- 1.- Daniel Gómez Bolón.
- 2.- Lucía Penerbosa García.
- 3.- Lara Vázquez Rodríguez.
- 4.- Sergio Barbeira Blanco.
- 5.- Noelia María Lema Amado.
- 6.- Lucía Adán Arcay.
- 7.- María Vanesa Rodríguez Arán.
- 8.- Lucía Bello Sánchez.
- 9.- Ángela Carro Rodríguez.
- 10.- Nerea Antelo Cuns.
- 11.- Cándida Martínez Pazos.

As reclamacións presentadas foron as seguintes:

- 1.- Reclamacións contra da pregunta 1.

Di a pregunta no exercicio:

<<1.- Consonte á Lei 39/2015 do 1 de outubro, estarán obrigados a se relacionar a través de medios electrónicos coas Administracións Públicas para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo, polo menos, os seguintes suxeitos :

- a) Os empregados das Administracións Públicas.
- b) Quen exerzan unha actividade profesional para a que se prevexa a súa colegiación.
- c) As persoas físicas cando representen a un interesado que estea obrigado a se relacionar electronicamente coa Administración.
- d) Ningunha é correcta>>

Alega o aspirante que, segundo a literalidade da lei, a resposta marcada como correcta polo Tribunal, a opción c), non sería totalmente correcta, por canto o art. 14.2 d) da Lei 39/2015 non cingue a resposta a que se trate de persoas físicas, entendendo, polo tanto, que a resposta c) non é totalmente correcta, e, xa que logo, sería a opción d) a que debera ser tida en conta como válida.

O Tribunal entende que, do enunciado da pregunta, resulta manifestamente claro que a opción correcta é a c), por canto é certo que, <<polo menos>>, sexan as persoas físicas as obrigadas nese caso, pois no enunciado non se indica que o sexan <<tan só>> senón que se indica <<polo menos>>, sendo, pois, plenamente certa a afirmación da opción c) das respostas segundo o teor literal do enunciado. Polo que se desestima a alegación.

- 2.- Reclamacións contra da pregunta 6.

Di a pregunta no exercicio:

<<6.- A resolución dun recurso de reposición contra un acto administrativo de aplicación dos tributos locais como é a aprobación dunha liquidación tributaria do Imposto sobre Construcciones, Instalaciones y obras, corresponde:

- a) Con carácter xeral, ao Alcalde da Corporación.
- b) Con carácter xeral, ao Pleno da Corporación.
- c) Con carácter xeral, ao Xerente do Catastro.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

d) Con carácter xeral, ao Tesoureiro municipal>>
Opción correcta: a)

Alega o aspirante que o art. 14.2.d) TRLRHL, por canto no mesmo se establece que a competencia será a do mesmo órgano que ditou o acto recorrido.

O Tribunal entende que se debe realizar unha interpretación conxunta e integradora do previsto no art. 14.2.d) TRLRHL e no art. 21.1 da Lei 7/1985, de bases do réxime local, que atribúe ao Alcalde a dirección da administración municipal, e lle atribúe as competencias cando estas non estean atribuídas expresamente a outro órgano -competencia residual da Alcaldía-, polo que a mención de «carácter xeral» nas opcións de resposta, só pode conducir a que sexa entendida como resposta correcta a opción a). Polo que se desestima a alegación.

3.- Reclamacións contra da pregunta 13.

Di a pregunta no exercicio:

<<13.- Segundo o artigo 44 da Lei 9/2017 de contratos do sector público, serán susceptibles de recurso especial en materia de contratación os actos e decisións relacionados no apartado 2 do mesmo artigo, cando se refiran aos seguintes contratos que pretendan concertar as Administracións Públicas ou as restantes entidades que ostenten a condición de poderes adxudicadores:

- Contratos de obras cuxo valor estimado sexa superior a catro millóns de euros, e de subministración e servizos, que teña un valor estimado superior a cen mil euros.
- Contratos de obras cuxo valor estimado sexa superior a cinco millóns de euros, e de subministración e servizos, que teña un valor estimado superior a cen mil euros.
- Contratos de obras cuxo valor estimado sexa superior a cinco millóns trescentos oitenta e dous mil euros, e de subministración e servizos, que teña un valor estimado superior a douscentos quince mil euros.
- Contratos de obras cuxo valor estimado sexa superior a tres millóns de euros, e de subministración e servizos, que teña un valor estimado superior a douscentos quince o meu euros. >>

Alégase que ningunha das respostas se axusta á legalidade, o que é apreciado como certo polo Tribunal, debido a un erro de transcripción nunha das respostas. De tal xeito, inválidase a pregunta, pasando a computar a efectos da nota a primeira pregunta de reserva, R1.

4.- Reclamacións contra da pregunta 22.

Di a pregunta no exercicio:

<<22.- Segundo o artigo 42 da Lei 39/2015, para considerar válida a notificación dun acto administrativo, entre a primeira e segunda notificación do mesmo debe mediar polo menos:

- Un día
- Unha hora
- Tres horas
- Tres días>>

Opción válida: c)

O art. 42.2 LPC indica: <<2. Cuando la notificación se practique en el domicilio del interesado, de no hallarse presente éste en el momento de entregarse la notificación, podrá hacerse cargo de la misma cualquier persona mayor de catorce años que se encuentre en el domicilio y haga constar su identidad. Si nadie se hiciera cargo de la notificación, se hará constar esta circunstancia en el expediente, junto con el día y la hora en que se intentó la notificación, intento que se repetirá por una sola vez y en una hora distinta dentro de los tres días siguientes. En caso de que el primer intento de notificación se haya realizado antes de las quince horas, el segundo intento deberá realizarse después de las quince horas y viceversa, dejando en todo caso al menos un margen de diferencia de tres horas entre ambos intentos de notificación. Si el segundo intento también resultara infructuoso, se procederá en la forma prevista en el artículo 44 >>

A literalidade do artigo 42.2 LPC deixa manifestamente claro que a única resposta posible é a opción c), pois se axusta ao parágrafo final do artigo, non sendo correctas ningunha das outras posibles respostas, polo que se desestiman as alegacións.

5.- Reclamacións contra da pregunta 30.

Di a pregunta no exercicio:

<<30.- Segundo o art. 15 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica:

- a) Só poderá ser esixido por un municipio previa aprobación da correspondente imposición e regulación mediante Ordenanza Fiscal.
- b) Poderá ser esixido nun municipio sen necesidade de aprobación dunha Ordenanza Fiscal, pero será necesario, en todo caso, acordo de imposición polo órgano competente.
- c) Poderá ser esixido nun municipio sen necesidade de aprobación de Ordenanza Fiscal, e sen necesidade de adoptar acordo algún de imposición.
- d) Poderá ser esixido nun municipio tan só mediante previa aprobación da correspondente Ordenanza Xeral de Xestión, Inspección e Recadación dos seus tributos.>>

Opción correcta: c)

Alégase que ningunha resposta é correcta, por canto o art. 15 non regula o que se pregunta.

O art. 15 TLRHL indica:

<<1. Salvo en los supuestos previstos en el artículo 59.1 de esta ley, las entidades locales deberán acordar la imposición y supresión de sus tributos propios, y aprobar las correspondientes ordenanzas fiscales reguladoras de estos.

2. Respecto de los impuestos previstos en el artículo 59.1, los ayuntamientos que decidan hacer uso de las facultades que les confiere esta ley en orden a la fijación de los elementos necesarios para la determinación de las respectivas cuotas tributarias, deberán acordar el ejercicio de tales facultades, y aprobar las oportunas ordenanzas fiscales.

3. Asimismo, las entidades locales ejercerán la potestad reglamentaria a que se refiere el apartado 2 del artículo 12 de esta ley, bien en las ordenanzas fiscales reguladoras de los distintos tributos locales, bien mediante la aprobación de ordenanzas fiscales específicamente reguladoras de la gestión, liquidación, inspección y recaudación de los tributos locales.>>

Pola súa banda, o art. 59 TRLRHL sinala:

<<Artículo 59. Enumeración de impuestos.

1. Los ayuntamientos exigirán, de acuerdo con esta ley y las disposiciones que la desarrollan, los siguientes impuestos:

- a) Impuesto sobre Bienes Inmuebles.
- b) Impuesto sobre Actividades Económicas.
- c) Impuesto sobre Vehículos de Tracción Mecánica.>>

A lectura integrada do art. 15 e do art. 59.1 dá resposta directa á alegación, por canto de ambos se deduce, claramente, que a única resposta válida é a c). De xeito que se desestima a alegación.

6.- Reclamacións contra da pregunta 32.

Di a pregunta no exercicio:

<<32.- Segundo o art. 108 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, contra os actos de aplicación e efectividade dos tributos locais, nun municipio de réxime común (é dicir, un municipio ao que non resulte de aplicación o Título X da Lei), formularase:

- a) O recurso de alzada.
- b) O recurso de reposición, con carácter potestativo, ou directamente o contencioso-administrativo.
- c) O recurso de reposición, con carácter preceptivo.
- d) O recurso de reposición ou o de alzada, preceptivamente.>>

Opción válida: c)

Di o art. 108 LBRL:<<Contra los actos sobre aplicación y efectividad de los tributos locales, y de los restantes ingresos de Derecho Público de las entidades locales, tales como prestaciones

patrimoniales de carácter público no tributarias, precios públicos, y multas y sanciones pecuniarias, se formulará el recurso de reposición específicamente previsto a tal efecto en la Ley reguladora de las Haciendas Locales. Dicho recurso tendrá carácter potestativo en los municipios a que se refiere el título X de esta ley.>>

O artigo 108 indica, claramente, que nos municipios o recurso é o de reposición, e será o previsto no TLRHL, e, que, nos de gran poboación do Título X será potestativo, pero a remisión á normativa de facendas locais é a que serve para que o aspirante saiba integrar os dous preceptos - 108 LBRL e 14.2 TRLRHL-, e concluir que o recurso é preceptivo. Polo que se desestima o alegato.

7.- Reclamacións contra da pregunta 39.

Di a pregunta no exercicio:

<<39.- Considéranse gastos plurianuais, aqueles que:

- Extenden os seus efectos económicos a os catro exercicios posteriores a aquel en que están autorizados.
- Extenden os seus efectos económicos a exercicios posteriores a aqueles nos que estean autorizados e comprometidos, sendo o Pleno o órgano competente para a súa aprobación.
- Extenden os seus efectos económicos aos exercicios posteriores a aquel en que estean autorizados e comprometidos, e o órgano competente para a súa aprobación regularase mediante as bases de execución dos orzamentos.
- Todas as respostas anteriores son falsas.>>

Alégase que a resposta marcada como válida non o é, o cal é certo. Existe un erro na plantilla de corrección, por canto se marcou como opción válida a b), e a resposta correcta é a d). Polo que se estima a reclamación, e se procede a avaliar de novo os exercicios consunte á opción correcta, que é a opción de resposta marcada como d).

8.- Reclamacións contra da pregunta 40.

Di a pregunta no exercicio:

<<40.- Segundo o artigo 181 do R.D. Legislativo 2/2004, poderán xerar crédito nos estados de gastos dos orzamentos, na forma que regulamentariamente se estableza, ingresos de natureza tributaria derivados das seguintes operacións:

- Achegas ou compromisos firmes de achega de persoas físicas ou xurídicas para financiar, xuntamente coa entidade local ou con algúns dos seus organismos autónomos, gastos que pola súa natureza estean comprendidos nos seus fins ou seus obxectivos.
- Alleamentos de bens da entidade local ou dos seus organismos autónomos.
- Prestación de servizos.
- Ningunha das anteriores afirmacións é correcta.>>

A resposta correcta á pregunta é a d), pois os ingresos de natureza tributaria non poden xerar crédito, polo que a pregunta ten unha resposta axeitada ao preguntado, desestimándose as reclamacións.

9.- Solicitude de novo conteo de acertos.

Recontado o exame do/a único/a aspirante que ten solicitado a revisión do reconto de acertos, non existe erro algún no reconto da corrección, contando, antes da reavaliación tras da resolución das reclamacións, con 23 acertos.

Os resultados definitivos do primeiro exercicio son, pois, os seguintes, marcándose como NON APTOS os aspirantes que non teñen superado o exercicio:

Código	Acertos	Nota
1	29	21,75
4	22	16,5

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO - A Coruña



Exp. 2022/E001/000019

7	18	NON APTO
10	24	18
22	34	25,5
25	11	NON APTO
28	33	24,75
31	15	NON APTO
34	13	NON APTO
37	21	15,75
40	24	18
42	26	19,5
43	25	18,75
45	6	NON APTO
46	19	NON APTO
48	28	21
49	24	18
52	17	NON APTO
55	33	24,75
58	28	21
61	11	NON APTO
64	33	24,75
67	9	NON APTO
70	21	15,75
73	25	18,75
75	34	25,5
76	16	NON APTO
78	35	26,25
81	33	24,75
84	30	22,5
85	25	18,75
88	25	18,75
91	31	23,25
94	32	24
97	26	19,5
98	16	NON APTO
100	31	23,25
101	32	24
104	24	18
107	23	17,25
109	30	22,5
110	36	27
113	14	NON APTO
115	11	NON APTO
116	18	NON APTO
119	30	22,5
128	11	NON APTO
131	13	NON APTO
133	20	15
134	13	NON APTO
135	19	NON APTO
136	33	24,75
137	28	21

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO - A Coruña



Exp. 2022/E001/000019

138	25	18,75
139	25	18,75
140	24	18
141	14	NON APTO
143	22	16,5
144	22	16,5
145	32	24
146	23	17,25
147	25	18,75
148	33	24,75
149	27	20,25
150	26	19,5
151	19	NON APTO
152	24	18
153	32	24
154	28	21
155	26	19,5
156	28	21
157	31	23,25
158	25	18,75
159	26	19,5
160	25	18,75
161	15	NON APTO
162	26	19,5
163	16	NON APTO
164	11	NON APTO
165	31	23,25
167	20	15
168	31	23,25
169	30	22,5
171	20	15
172	33	24,75
173	24	18
174	24	18
175	35	26,25
176	27	20,25
177	32	24
179	12	NON APTO
180	25	18,75
182	13	NON APTO
183	16	NON APTO
185	26	19,5
186	10	NON APTO
188	30	22,5
189	12	NON APTO
191	19	NON APTO
192	26	19,5
194	13	NON APTO
195	20	15
197	27	20,25
198	29	21,75

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

199	29	21,75
200	32	24
201	28	21
202	19	NON APTO
203	31	23,25
204	22	16,5
206	26	19,5
207	33	24,75
210	25	18,75

A plantilla de corrección do exercicio, unha vez resoltas as alegacións, que figuran resaltadas en sombreado en amarelo na mesma a efectos da súa máis sinxela localización, queda, pois, como segue:

PLANTILLA DE RESPOSTAS

Nº preg	Resp	Nº preg	Resp	Nº preg	Resp	Nº preg	Resp
1	C	22	C	R3	A		
2	B	23	B	R4	A		
3	C	24	B	R5	D		
4	A	25	D	R6	A		
5	C	26	B				
6	A	27	D				
7	B	28	B				
8	C	29	C				
9	B	30	C				
10	B	31	A				
11	C	32	C				
12	B	33	B				
13	B ANULAD A	34	B				
14	B	35	D				
15	D	36	C				
16	B	37	D				
17	A	38	D				
18	B	39	B D				
19	A	40	D				
20	B	R1	C				
21	D	R2	B				

A apertura de sobres identificativos para a atribución de notas aos aspirantes realizarase por parte do Secretario do Tribunal en sesión pública o vindeiro luns, día 30 de xaneiro, ás 09:30 h., no Salón de Plenos da Casa do Concello de Carballo, á que poderán asistir os aspirantes que así o desexen.

O SECRETARIO DO TRIBUNAL,
 Carlos Collazo Martínez

CONCELLO DE CARBALLO
C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO - A Coruña



Exp. 2022/E001/000019

Documento asinado electronicamente na data que figura ao marxe.